

# LETRAS GALEGAS 2015

## CONCURSO DE CONTOS E POESÍAS

**ORGANIZA:** C.P.I. SAN SADURNIÑO

**COLABORA:** ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS (ANPA)

### B A S E S

**TEMA:** Libre e feito en galego.

**PARTICIPANTES:** Todos os/as alumnos/as de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria do C.P.I. de San Sadurniño.

**ENTREGA DE TRABALLOS:** Ata o día **14 de maio**, e entregaranse aos titores.

**NÚMERO DE TRABALLOS:** Os traballos serán individuais e cada participante poderá presentar tantos como desexe. Os alumnos/as de Educación Infantil e 1º Ciclo de Primaria poderán presentalos colectivamente.

**TIPO DE TRABALLOS:** Os contos ou poesías deberán ser inéditos e estar escritos en lingua galega.

Presentaranse en tamaño folio, figurando no anverso do mesmo: nome, apelidos e nivel que cursa o participante.

**PREMIOS:** Habará premios para os primeiros premiados e diploma para os segundos e terceiros premiados

**XURADO:** Estará constituído por representantes dos colectivos organizadores. O fallo do xurado, que será inapelable, emitirase a semana das Letras Galegas.

O xurado que se constituirá ao respecto resérvase o dereito a descualificar calquera traballo que, ao seu xuízo, fose realizado por unha persoa diferente ao concursante ou non reunise as condicións sinaladas nestas bases.

A entrega de premios será na semana das Letras Galegas. Dita data concretarase polo equipo directivo.

Os traballos gañadores serán propiedade das entidades organizadoras. Os restantes traballos poderanse retirar posteriormente.

O feito de participar neste concurso leva consigo a aceptación de todos e cada un dos puntos destas bases.

San Sadurniño, 23 de abril de 2015.